Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 01.10.2014

3.2 27729 (09/MOC-000092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción naval civil en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 23066, publicada no BOPG nº 290, do 14.05.2014, e debatida na sesión plenaria do 23.09.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 01.10.2014

3.3 27747 (09/MOC-000093)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Gallego Calvar, María Carmen

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 11666, publicada no BOPG nº 153, do 05.09.2013, e debatida na sesión plenaria do 23.09.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 01.10.2014

Punto 4.Proposicións non de lei en Pleno

4.1 6056 (09/PPP-000451)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro, e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa licitación do desdoblamento do corredor do Morrazo co fin de garantir a viabilidade da execución financeira e construtiva da futura autovía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 89, do 18.04.2013

4.2 24771 (09/PPP-001780)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e seis deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do Tratado Transatlántico de Comercio e Investimento, ou TTIP, que se está a negociar polos Estados Unidos de América e a Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 15.07.2014

4.3 25981 (09/PPP-001873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos, e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para erradicar as 'cláusulas chan' dos contratos bancarios con particulares

Publicación da iniciativa, BOPG nº 335, do 05.09.2014

4.4 26782 (09/PNP-001952)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos axudas previstas na Resolución do Inega do 22 de xullo dirixidas ás familias con dificultades económicas para pagar as facturas de enerxía, así como a elaboración antes do inverno dun protocolo ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 339, do 11.09.2014

4.5 27541 (09/PNP-002009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de axilizar o pagamento das indemnizacións do Fondo de Garantía Salarial ás persoas traballadoras galegas de empresas en creba

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 01.10.2014

4.6 27609 (09/PNP-002016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e tres deputados/as máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dispensación das vacinas da varicela e da meninxite tipo B

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 01.10.2014

4.7 27758 (09/PNP-002033)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre a defensa polo Goberno galego da exclusión da frota do xeito dos TAC da sardiña, así como a continuidade desa arte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 09.10.2014

4.8 28211 (09/PNP-002055)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre a necesidade de realizar unha campaña de promoción e posta en valor do mexillón de Galicia como produto de máxima calidade, prestixio gastronómico e nutricional e con totais garantías de salubridade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 357, do 15.10.2014

Punto 5. Interpelacións

5.1 24583 (09/INT-000868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e tres deputados/as máis  
Sobre o estado de execución das obras públicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 15.07.2014

5.2 25900 (09/INT-000937)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e dous deputados/as máis

Sobre medidas conducentes a axudar o sector industrial galego a saír da crise e crear emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336, do 08.09.2014

5.3 27951 (09/INT-001044)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre os motivos do cesamento do director xeral de Traballo e Economía Social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 09.10.2014

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 29234 (09/POPX-000096)

Méndez Romeu, José Luis

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre o enfoque da mellora da calidade democrática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

6.2 29246 (09/POPX-000097)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre o presunto uso indebido de fondos públicos destinados a cursos de formación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

6.3 29267 (09/POPX-000098)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a política de rexeneración democrática que vai desenvolver o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 29268 (09/PUP-000145)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a permanencia de Ence-Elnosa na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

## 7.2 27666 (09/POP-002534)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento das medidas e dos obxectivos establecidos no Plan xeral de normalización da lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 01.10.2014

## 7.3 28020 (09/POP-002567)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego en relación cos equipos e departamentos de orientación educativa de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 357, do 15.10.2014

## 7.4 27139 (09/POP-002506)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, e dous deputados/as máis

Sobre os criterios seguidos pola Xunta de Galicia para a adxudicación dos contratos para a reserva de prazas en distintos servizos de atención social ás persoas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 17.09.2014

## 7.5 27498 (09/POP-002502)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as intencións da Consellería de Traballo e Benestar respecto da reconsideración dos criterios de adxudicación dos contratos para a prestación de servizos ás persoas discapacitadas, co fin de evitar o pechamento dos centros sen ánimo de lucro que os veñen levando a cabo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 01.10.2014

Publicación da corrección de erros, BOPG nº 357, do 15.10.2014

## 7.6 29266 (09/PUP-000144)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre as responsabilidades políticas derivadas do uso indebido de fondos públicos destinados a cursos de formación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

## 7.7 28227 (09/POP-002576)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do Plan de loita contra ofurtivismo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 357, do 15.10.2014

## 7.8 29009 (09/PUP-000141)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre as xestións que vén desenvolvendo a Consellería do Medio Rural e do Mar en apoio das embarcacións que empregan a arte do xeito

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

## 7.9 29263 (09/PUP-000143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón, e dous deputados/as máis

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego diante do Goberno central e da Unión Europea para arranxar a problemática das embarcacións que empregan a arte do xeito

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2014

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

## Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Agustín Baamonde Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Carmen Pardo López, Hipólito Fariñas Sobrino, Julia Rodríguez Barreira, Cristina Romero Fernández, Jacobo Moreira Ferro e Moisés Blanco Paradelo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A optimización dos recursos públicos, a eficacia na xestión e o logro da máxima coordinación das distintas unidades administrativas son principios básicos que entendemos deben guiar a actuación da Xunta de Galicia.

En 2009 xa se iniciou un proceso gradual de racionalización, simplificación e redución das estruturas administrativas, tanto no que atinxe á Administración xeral como ao conxunto de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, aprobándose, como corolario dese proceso de reforma e modernización, a lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que clarificou, ordenou e sistematizou a estrutura do sector público autonómico, como un primeiro paso na introdución de medidas de racionalización e simplificación do ordenamento xurídico galego e do sector público autonómico.

Así, abordouse unha redución do 40 % no número de consellerías, impulsouse un novo deseño da Administración periférica con cinco únicas delegacións territoriais, reduciuse á metade o número de altos cargos e executouse un completo plan para adelgazar a dimensión da Administración instrumental. Cos referidos axustes, a Administración autonómica adaptou a súa arquitectura organizativa

### **GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

ao actual contexto de crise e restrición do gasto público, ao tempo que promove unha acción pública máis eficaz e articulada que mantén o nivel de calidade na prestación dos servizos públicos.

Dentro dese marco, aprobouse a lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico baixo a cobertura dos títulos competenciais recoñecidos nos artigos 27.1 e 28.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, así como do previsto no seu artigo 16.4, con escrupuloso respecto á lexislación básica ditada polo Estado en materia de réxime xurídico das administracións públicas e en materia de contratación do sector público, conforme ao artigo 149.1.18 CE.

Na lei introdúcense previsións expresas sobre colaboración dentro do sector público e sobre racionalización e redución de custes na contratación do sector público.

Á vista do exposto pregúntase:

Que medidas vai adoptar o Goberno da Xunta de Galicia no eido da contratación pública para facilitar o acceso ás pequenas e medianas empresas aos procedementos de contratación pública?.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 16/10/2014 12:38:39**

**Agustín Baamonde Díaz na data 16/10/2014 12:38:59**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/10/2014 12:39:04**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)

[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**María Carmen Pardo López na data 16/10/2014 12:39:08**

**Hipólito Fariñas Sobrino na data 16/10/2014 12:39:25**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 16/10/2014 12:39:35**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 16/10/2014 12:39:53**

**Jacobo Moreira Ferro na data 16/10/2014 12:39:57**

**Moisés Blanco Paradelo na data 16/10/2014 12:40:06**

## Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Agustín Baamonde Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Carmen Pardo López, Hipólito Fariñas Sobrino, Julia Rodríguez Barreira, Cristina Romero Fernández, Jacobo Moreira Ferro e Moisés Blanco Paradelo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O Rexistro de Convenios a Xunta de Galicia constitúe sen dúbida un elemento importante no proceso de mellora dos mecanismos de xestión que garantan a maior transparencia da Administración Autonómica galega.

Ha de erixirse, polo tanto, nunha ferramenta útil de cara a sistematizar a actividade convencional da Xunta de Galicia e das súas entidades instrumentais, ao tempo que debe establecer mecanismos áxiles para dar publicidade e acceso a toda a cidadanía que o demande.

É por isto que o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, polo servizo que ven a prestar, debe achegarse a todos os avances tecnolóxicos que posibiliten a mellor xestión da súa actividade.

Por todo isto os deputados e deputadas asinantes preguntan:

- 1.- Cal é a situación actual do Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia?
- 2.- Que datos estatísticos ofrece na actualidade?

3.- Cales son, no seu caso, as medidas que está a implementar o Goberno nesa tarefa de permanente mellora que deben levar a cabo nos medios de xestión, e no que atinxe ao Rexistro de Convenios?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 16/10/2014 12:53:00**

**Agustín Baamonde Díaz na data 16/10/2014 12:53:15**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/10/2014 12:53:28**

**María Carmen Pardo López na data 16/10/2014 12:54:30**

**Hipólito Fariñas Sobrino na data 16/10/2014 12:54:42**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 16/10/2014 12:54:49**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 16/10/2014 12:55:02**

**Jacobo Moreira Ferro na data 16/10/2014 12:55:10**

**Moisés Blanco Paradelo na data 16/10/2014 12:55:15**

## Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Agustín Baamonde Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Carmen Pardo López, Hipólito Fariñas Sobrino, Julia Rodríguez Barreira, Cristina Romero Fernández e e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, na redacción dada pola Lei 10/2007, do 28 de xuño, sinala no seu apartado dous que terán a condición de parellas de feito as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces, que convivan coa intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e que a inscriban no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio.

Así mesmo, a disposición derradeira da Lei 10/2007, do 28 de xuño, establece que no prazo dun mes contado desde a publicación da lei no Diario Oficial de Galicia, a Xunta de Galicia aprobará un decreto mediante o cal se creará e regulará a organización e xestión do Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

En virtude do anterior, aprobose o Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

Transcorridos máis de seis anos desde a entrada en vigor do Decreto 248/2007, do 20 de decembro, se observan determinadas prácticas que aconsellan a adopción de medidas co obxectivo de garantir plenamente a seguridade xurídica.

Por todo isto os deputados e deputadas asinantes preguntan:

Vai adoptar o Goberno da Xunta de Galicia novas medidas que garantan a seguridade xurídica na salvagarda dos intereses xerais e permitan verificar a efectiva convivencia con vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 16/10/2014 12:55:47**

**Agustín Baamonde Díaz na data 16/10/2014 12:56:01**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/10/2014 12:56:06**

**María Carmen Pardo López na data 16/10/2014 12:56:11**

**Hipólito Fariñas Sobrino na data 16/10/2014 12:56:26**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 16/10/2014 12:56:33**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 16/10/2014 12:56:46**

**Jacobo Moreira Ferro na data 16/10/2014 12:57:02**

### Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, membro do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión**, relativa á depuración de responsabilidades políticas polo fracaso do chamado plan Ferrol e a rectificación da política industrial da Xunta.

Poucas actuacións públicas teñen resultado máis frustrantes para os intereses da xente traballadora de Ferrolterra que as que se derivan do chamado Plan Ferrol, ao resultar que en modo algún esta iniciativa serviu para construír un tecido industrial novo e diversificado respecto da situación de partida da comarca. Situación que se pode resumir na lacra do paro e do abandono polas institucións públicas, as cales teñen a súa xenealoxía no troco inxusto que nos esixira a CEE para entrar naquel mercado común: o sacrificio das capacidades produtivas e de creación de riqueza social e emprego cualificado dos estaleiros públicos da ría de Ferrol.

A sucesión de orzamentos sen executar que se acumulan nestes anos respecto das partidas consignadas para o Plan Ferrol é a certificación elocuente de que non vale para apenas nada o chamado plan; se acaso para activar unha trama empresarial parasitaria dos orzamentos públicos e con nula capacidade de innovación e como dise agora na orwolingua neoliberal, para o emprendemento.

Nesta última convocatoria so unha empresa aparece na listaxe provisional de beneficiarios das axudas á reindustrialización na zona de Ferrolterra, o que supón que se desperdiciaron 44 millóns de euros de posibles axudas. No ano anterior deixáronse sen utilizar 33 millóns de euros. Unha conta burda permitiría fantasear co financiamento necesario para o prometido dique flotante.

Ferrolterra perde emprego industrial e non consegue diversificar o seu tecido produtivo malia anos e anos de presuntas axudas e grandes proxectos. O fracaso desta última fórmula semella flagrante e derivaría, de atoparnos nunha sociedade rexida en democracia, onde decida a vontade do pobo, na depuración de responsabilidades políticas, outrosí da rectificación desa política por outra quen de producir novas iniciativas empresariais públicas, sociais ou privadas que xeren emprego estable e con dereitos, valor engadido na súa produción e polo tanto riqueza social para a zona do país con meirande taxa de paro, ou sexa, unha política baseada na planificación democrática da economía.

Xa que logo o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Que valoración realiza o goberno galego respecto da diversificación industrial e creación de emprego estable e con dereitos asociada ás xudas ao Plan Ferrol? En concreto como cualifica as convocatorias dos dous anos de goberno desta lexislatura?
- Vai rectificar de plano o goberno da Xunta e polo tanto a crear un instituto industrial galego, quen de pular pola xeración de novas iniciativas públicas, sociais e privadas de diversificación e sustentabilidade no eido da industria, a partires do principio da planificación democrática da economía?

Compostela, 16 de outubro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 16/10/2014 13:06:59**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cosme Pombo Rodriguez e Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á falla de profesorado no IES Vilar Ponte de Viveiro e á necesidade de que a Consellería de Educación, diante da situación conflitiva pola que atravesamos este centro, busque unha solución de consenso que garanta a calidade educativa do alumnado do mesmo.

Nos comezos deste curso escolar 2014/2015, os recortes de profesorado que a Consellería de Educación executou, están a afectar gravemente a moitos centros públicos e afectan dun xeito especialmente grave aos centros con alumnado con necesidades educativas e reforzo educativo, que se ven privados de profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e Orientadores/as. Ou que a Consellería optou por compartilo entre varios centros en lugar de garantir unha atención a tempo total nos centros que así o precisan.

A estes recortes que provocan unha perda de calidade do ensino público engádeselle, este ano, a cantidade de profesorado que imparte materias afíns (mesmo as consideradas troncais), a cantidade de profesorado que está itinerante en varios centros e a cantidade de profesorado que se ve obrigado a impartir docencia en aulas que superan as ratios establecidas legalmente ou agrupar nunha mesma aula a alumnado de varios niveis educativos.

Por causa destes recortes continuados de profesorado nos centros públicos, dende o comezo de curso, en infantil, primaria e secundaria estamos asistindo a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

denuncias continuadas da comunidade educativa pola falla de profesorado en moitos centros. Numerosas ANPAS, equipos directivas de centros públicos, claustros de profesores, sindicatos do ensino e plataformas que defenden o ensino público, reclaman da Consellería de Educación o profesorado necesario para atender ás necesidades educativas dos centros e para garantir un ensino de calidade para a totalidade do alumnado.

Un dos centros onde os recortes provocaron graves problemas, para a atención educativa de calidade que o alumnado merece, foi o IES “Vilar Ponte” de Viveiro porque o profesor nº 43 de lingua castelá con que contaba o centro para comezar o curso, unha semana despois de ter comezado, foilles retirado mediante unha comunicación da inspección educativa.

Este recorte de profesorado provocou problemas diversos no centro (atención ás gardas, agrupamentos e desdobres, atención á biblioteca, confección de horarios,...) que levou á equipa directiva a presentar a súa dimisión ao considerar que a Consellería de Educación non estaba a cumprir cos compromisos de dotar do profesorado necesarios ao IES, para garantir un ensino de calidade.

Lamentablemente a Consellería de Educación, en lugar de resolver o problema de dotación de profesorado escolleu aceptar a dimisión da equipa directiva e nomear unha nova dirección do centro, sen escoitar ao claustro de profesores e mais ao consello escolar do centro conforme ao estipulado na lexislación vixente. Por este motivo o sindicato maioritario do ensino está a reclamar a anulación do nomeamento irregular da nova dirección e abrir un proceso para a elección dunha nova dirección que cumpra coa normativa legal.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A comunidade educativa do IES Vilar Ponte considerou que se estaba a poñer en perigo a calidade do ensino, e por esa razón houbo denuncias públicas reclamando solucionar o problema de dotación do profesorado.

Nunha destas reclamacións, o pasado venres, 10 de outubro, a ANPA do IES solicitou, mais unha vez, que se nomease ao profesor/a que faltaba no centro, mais en lugar de recibir unha boa nova por parte da consellería (nomeando un novo/a profesor/a) atopáronse coa denuncia a dúas nais, por parte da nova dirección do centro; unha delas a secretaria da ANPA e outra unha representante do Consello escolar do centro.

Ao Grupo Parlamentar do BNG chámalle a atención que a administración educativa, en lugar de defender a calidade do ensino público, se adique a denunciar a dous membros da comunidade educativa, que reclamaban un profesor/a que estaba comprometido para atender ás necesidades educativas do centro, mais que non foi nomeado. Tamén lle chama a atención ao BNG que a denuncia se faga por “alteración da orde pública e por interromper actividades lectivas” e para garantir a atención adecuada aos estudantes.

O Grupo Parlamentar do BNG entende que estas dúas representantes da Comunidade educativa do IES Vilar Ponte, que afirmaban que “Un profesor non é un antollo é unha necesidade”, non poden ser tratadas como delinquentes por defender a calidade educativa dun centro educativo.

O Grupo Parlamentar do BNG entende que a administración educativa debера ser a primeira en defender a calidade educativa do IES Vilar Ponte, en defender os recursos de profesorado necesarios para garantir esa calidade, en defender a colaboración de toda a comunidade educativa para buscar unha solución duradeira ao



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

problema, en reconducir a situación para restablecer a normalidade e a calidade educativa deste centro público da Mariña.

Polo anteriormente exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1º.- É consciente a Consellería de Educación dos problemas que se derivan da falla de profesorado no IES Vilar Ponte?

2º.- Considera a Consellería que o procedemento de nomeamento da nova dirección cumpre coa normativa legal vixente?

3º.- Considera que o procedemento utilizado para esta elección cumpre cos requisitos democráticos que a lei contempla?

4º.- Considera a Consellería que a defensa da calidade educativa e a reclamación dun profesor prometido pola propia consellería resulta unha conduta censurábel?

5º.- Considera a Consellería de Educación que a secretaria da ANPA e unha persoa membro do Consello escolar do centro son persoas alleas a comunidade educativa?

6º.- Non considera a Consellería que sería ben buscar a colaboración de toda a comunidade educativa para solucionar o problema, en lugar de buscar o enfrontamento entre partes desa comunidade?

7º.- Considera a Consellería de Educación que co profesorado actual pode garantir a atención que precisa o alumnado con necesidades educativas?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

8º.- Ten pensado a Consellería de Educación atender a solicitude da ANPA, da anterior equipa directiva e da maioría do profesorado para garantir o nomeamento do/a profesor/a nº 43 de lingua castelá, pactado pola anterior equipa directiva?.

10º.- Considera a Consellería que a denuncia de dous representantes da comunidade educativa é o camiño para solucionar o problema de profesorado do centro?. Ou considera que a mellor maneira de resolver o conflito é cumprir os compromisos, buscando a colaboración de toda a comunidade educativa de cara a que o centro recupere o seu bo traballo a prol do ensino público e de calidade?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2014

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**

Deputado do G.P. do BNG

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 16/10/2014 13:31:44**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 16/10/2014 13:31:54**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Como valora a Xunta de Galiza o ritmo que levan as obras de modernización das vías ferroviarias en Galiza?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 16/10/2014 13:34:04**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

-Como avalía a Xunta de Galiza a situación e oferta de destinos dos aeroportos galegos?

-Considera a Xunta que o Ministerio de Fomento está a cumprir os seus compromisos e anuncios en relación cos aeroportos galegos?

-Que actuacións ten previsto impulsar a Xunta de Galiza coa finalidade de dinamizar a oferta de destinos e o tráfico de mercadorías nos aeroportos galegos?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 16/10/2014 13:39:47**

## Á Mesa do Parlamento

**Antón Sánchez García**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

O proxecto de tendido eléctrico que se prevé arredor do Monumento Natural da Fraga de Catasós en Lalín afectará de maneira moi negativa á paixase e natureza da marabillosa Fraga de Catasós.

Tal e como advirte a SGHN (Sociedade Galega de Historia Natural), a Consellería de Economía de Industria, a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas emitiu unha resolución autorizando que unha liña de alta tensión (proxecto sectorial de incidencia supramunicipal LAT 132 kV O Irixo-Lalín) pase polo Monumento Natural da Fraga de Catasós (Lalín).

Máis non só parecen querer mutilar a nosa paisaxe, senón que se incumple o Decreto 76/2000, no que se recolle ben claro que *“Non se poderán realizar en todo o ámbito do monumento natural as actividades seguintes: h) A instalación de tendidos eléctricos”*, o Decreto 67/2007, e inclusive a Lei 42/2007.

Mentras este proxecto pretende invadir parte do monumento onde se sitúan os castiñeiros máis grandes de Europa, a Consellería non atendeu a nin unha sola das alegacións que advirten do perigo e do dano de que tal proxecto se leve a cabo.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Non cree que con este proxecto estánse a vulnerar o Decreto 76/2000, polo que se declara o Monumento Natural da Fraga de Catasós, o Decreto 67/2007 polo que se crea o Catálogo galego de árbores





senlleiras e se inclúe nel a Fraga de Catasós como "formación senlleira"  
e a Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2014.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 16/10/2014 13:45:24**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación se atopa a declaración como BIC das coleccións artísticas da extintas caixas de aforro.

En que situación se atopa a declaración como BIC das coleccións artísticas da extintas caixas de aforro?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P. do BNG

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 16/10/2014 13:51:10**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 16/10/2014 13:51:15**

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Gallego Calvar, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Este verán a Illa de Ons, incluída no Parque Nacional Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas, foi noticia nos medios de comunicación pola preocupación dos veciños e veciñas acerca dos reiterados episodios de vandalismo que se produciron varias noites, nas que o ruído e o alcohol foron os protagonistas e a paisaxe ao día seguinte era de sucidade e danos nas instalacións.

Ninguén se fai responsable da vixilancia do cumprimento das normas do Parque Nacional, nin se limita o número de persoas que poden acceder a esta illa, nin as condicións de acceso, e con este desleixo a situación só pode empeorar e os habitantes e visitantes que buscan alí o contacto coa natureza e a tranquilidade terán cada vez máis difícil manter Ons como ese referente.

Ante esta situación, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece o Goberno galego os actos vandálicos producidos no pasado verán na Illa de Ons?
2. Como pensa atallar esta situación?
3. Que organismo é o encargado de velar polo cumprimento das normas de acceso e de permanencia neste Parque Nacional?
4. Cal é o motivo polo cal aínda na actualidade non existe un control do número de persoas e das condicións de acceso diario a Illa de Ons?



**Grupo Parlamentario**

5. Prevé o Goberno galego adoptar algunha medida neste senso? Si é así, en que momento e en que condicións?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2014

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Asdo.: Carmen Gallego Calvar  
Patricia Vilán Lorenzo  
Raúl Fernández Fernández  
José Antonio Sánchez Bugallo  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Carmen Gallego Calvar na data 16/10/2014 13:56:47**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/10/2014 13:56:54**

**Raúl Fernández Fernández na data 16/10/2014 13:57:01**

**José Antonio Sánchez Bugallo na data 16/10/2014 13:57:09**

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, membro do **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión**, relativa ao dique flotante para os estaleiros públicos de Ferrolterra.

Logo da entrevista sostida co saínte comisario da competencia da Comisión da UE, este grupo parlamentario ten claro que o goberno da Xunta e o goberno central faltaron reiteradamente á verdade no caso do dique flotante. Ás mentiras electorais onde o dique flotante faríase si ou si, seguen aquelas que aseguraran – sempre sen entregar copia da proposta achegada polos gobernos do PP á Comisión – que a Comisión Europea rexeitara a posibilidade de construír con axudas públicas o dique flotante.

O goberno do Estado e a súa delegación en Galicia non presentaron ningún proxecto para financiar o dique, co cal deu pé á Comisión a non poder estudar e contestar afirmativamente á vaga pregunta sobre o financiamento público do dique, vaga ao punto de non referir en absoluto a Navantia Ferrol nen achegar proposta técnica do dique e do financiamento de este.

O Comisario reiterou na entrevista sostida que a resposta da Comisión sinalou que o dique flotante podería dispor de financiamento público autorizado pola Comisión segundo foran as características do proxecto técnico – non presentado – e das condicións económicas e sociais do país, ao existir unha regulamentación específica para as zonas economicamente deprimidas. Regulamentación que desgrazadamente Galicia cumpre sobradamente.

Obvio é repetir que Navantia Ferrolterra é extraordinariamente competente tamén na división de reparacións, onde no 2013 xerou beneficios (máis de 3 millóns de euros) nun contexto onde ese mercado mundial está en crecemento. Lonxe de coidar estas capacidades, os gobernos do PP as malbaratan submisos a unha política neoliberal que provoca paro, pobreza e a falla de futuro para Ferrolterra.

A mentira política é unha forma de corrupción que dana o crédito das institucións públicas. Reducir o cumprimento dos programas electorais, que terían que ser os contratos que calibran a lexitimidade dos gobernados, en apenas outra cousa que marketing de venda di demasiado , e abondo malo, sobre a cualidade de non lexitimo dos gobernos que practican esa redución.

En atención ao referido, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Vai rectificar a Xunta e instar de maneira urxente ao goberno central á presentación diante da Comisión Europea dun proxecto técnico de dique flotante coa súa correspondente proposta de financiamento público para os estaleiros públicos de Navantia na ría de Ferrol?
- Vai entregar a Xunta de Galicia copia dos escritos remitidos e recibidos ate o de agora polo goberno e a Comisión Europea en relación co dique flotante?
- Que valoración merécelle ao goberno da Xunta o exercicio de corrupción política que supón mentirlle ao depositario da soberanía popular en relación co compromiso de construír o dique flotante?

Compostela, 16 de outubro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 16/10/2014 14:04:59**

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Acuña do Campo, Beatriz Sestayo Doce, M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés e Vicente Docasar Docasar**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

No mes de setembro pasado o BOE publicou a Lei de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que en relación ao deporte, propón a implantación da controvertida licenza única.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista temos manifestado, en repetidas ocasións, a nosa preocupación ante esa medida, pois pensamos que non foi ben analizada polo Goberno, nin foi medido con detemento a repercusión que a mesma pode ter sobre as federacións autonómicas, en relación ao seu funcionamento e o seu financiamento.

Coincidindo as nosas sospeitas coas trasladadas tamén polas propias federacións galegas, dende que coñeceran a intención do Goberno do Estado de utilizar esa fórmula para compensar os recortes aplicados dende a Administración central, o financiamento das federacións estatais.

Ante a preocupación existente, nas federacións galegas afectadas pola implantación da licenza única, e dado o importante labor que estas están a facer no mantemento do deporte de base e a repercusión que esta medida puidera ter, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A Secretaría Xeral para o Deporte de Galicia ten realizado un estudo económico sobre a repercusión que a implantación da licenza única vai ter para a **Federación Galega de Judo**?
2. De ser así, cales son os resultados do mesmo? E ten informado a esa federación sobre os mesmos?
3. Presentou no Consello Superior de Deportes as conclusións deses estudos? En que data e con que resultados?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2014



**Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**María Carmen Acuña do Campo na data 16/10/2014 12:17:30**

**Beatriz Sestayo Doce na data 16/10/2014 12:17:36**

**María Soledad Soneira Tajés na data 16/10/2014 12:17:41**

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 16/10/2014 12:17:46**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



## Á Mesa do Parlamento

